



ACORDO PARA A ACTUACIÓN NAS DEPUTACIÓN PROVINCIAIS E CONFORMACIÓN DOS GOBERNOS PROVINCIAIS

(PERÍODO 2023-2027)

Pola superación do modelo.

As organizacións políticas abaixo asinantes consideramos as deputacións como un modelo de organización territorial e institucional non adaptado á realidade social e territorial do noso país, pero que forma parte da realidade política e administrativa actual.

Partimos, pois, as dúas forzas políticas asinantes, de posicións que abranguen desde a supresión das deputacións que defende o nacionalismo galego, por constituír un modelo de organización territorial alleo á realidade galega, até un modelo de reforma destas para convertelas en institucións máis modernas, racionais, transparentes e democráticas, que no ámbito competencial non dupliquen ou tripliquen as competencias das diferentes institucións, que postula o socialismo galego.

Somos conscientes de que mentres non haxa unha nova forma de organización territorial e administrativa debemos facer das deputacións unha relevante ferramenta institucional de apoio aos concellos e que alí onde gobernamos socialistas e nacionalistas se pode plasmar de xeito pleno co desenvolvendo políticas de proximidade, concello a concello, sempre pensando no interese xeral da cidadanía.

Apostamos por unha transformación radical do funcionamento destas institucións, como vimos facendo nos últimos anos onde nacionalistas e socialistas cogobernamos tres das catro deputacións do noso país. E fixémoslo afondando na súa democratización e co obxectivo fundamental de servizo ao pobo galego no seu conxunto, tendo como principio irrenunciábel garantir o funcionamento obxectivo e transparente das mesmas, eliminando todo tipo de arbitrariedade e/ou discriminación no desenvolvemento da súa actividade.

En todo caso, compartimos a necesidade de planificar e desenvolver unha reorganización, simplificación e adelgazamento competencial, tendendo a un modelo de xestión en que as deputacións se centren nas competencias propias evitando as referidas duplicidades coa Xunta e cos concellos.

O modelo de xestión das deputacións provinciais plasmado nos diferentes gobernos compartidos por socialistas e nacionalistas ao longo destes anos é radicalmente diferente a aqueles onde a dereita conservadora e caciquil goberna a institución provincial. A asignación de fondos públicos a concellos con criterios obxectivos e con plans estruturados, un sinal claro dos gobernos alternativos do BNG e PSOE, choca frontalmente co modelo dos gobernos da dereita caciquil que seguen a repartir de forma discrecional os fondos públicos e a discriminar aos concellos en función da cor política.

A reflexión compartida do que se fai, como se fai e en que se gastan os recursos que posúen as deputacións, lévanos a subscribir o presente Acordo que ten como obxectivo principal garantir a igualdade na prestación dos servizos básicos, independentemente do concello en que se resida, con criterios de transparencia que permitan corrixir desequilibrios territoriais e sociais.

Trátase, en definitiva, dun primeiro paso firme para adaptar as deputacións provinciais a cada realidade territorial, con base nunha racionalización administrativa e do gasto público centrada na redución de estruturas burocráticas. Deste xeito, será posible destinar maiores recursos ao mantemento de servizos básicos para a cidadanía, afondar na súa democratización e en fórmulas de transparencia e participación que

posibiliten a intervención dos concellos en cantos asuntos afectaren directamente aos seus intereses.

1. Sobre competencias e o seu exercicio

Partindo da premisa inicial do complexo encaixe das deputacións provinciais no actual marco institucional e competencial, tamén é certo que son institucións que teñen atribuída a xestión dunha importante cantidade de recursos públicos e, mentres non se reformularen ou desapareceren, deben contribuír a garantir xunto cos concellos e a Xunta que todos os veciños e todas as veciñas teñan acceso aos mesmos servizos, con independencia da poboación que teña o concello en que vivan. Esta debe ser a función prioritaria das institucións provinciais nestes tempos: destinar os seus recursos económicos ao financiamento dos servizos básicos locais.

Resulta imprescindíbel, pois, continuar e reafirmar as políticas de eliminación da arbitrariedade no uso dos recursos e na acción política, así como seguir a introducir modificacións profundas nas actuacións que desenvolvan as deputacións para se adaptaren, no seu funcionamento, á realidade territorial, institucional, política e social do ámbito en que desenvolven as súas competencias.

O noso obxectivo primordial é corrixir os desequilibrios territoriais e sociais entre os concellos e respectar a autonomía local de todos eles, con independencia da cor política dos seus gobernos municipais. Acordamos, neste contexto actual, **acometer ao longo deste mandato nas deputacións, unha decidida política de delimitación das súas funcións, axustándoas ao seu estrito marco competencial**: a cooperación xurídica e técnica cos concellos e impulsar a maior transferencia de recursos económicos posíbeis cara aos concellos pequenos e medianos.

2. Medidas xerais

2.1. Transferencia de competencias

Nos primeiros tres meses de goberno, as deputacións emprazarán á Xunta a iniciar un proceso de negociación a respecto das seguintes cuestións:

- Transferencia á Xunta de todos os equipamentos e servizos impropios ou que deben ter unha articulación a nivel galego que aínda posúen ou prestan as deputacións, entre outros: centros docentes, centros de menores, bibliotecas, museos, teatros, infraestruturas deportivas, laboratorios e centros de experimentación agraria, servizos de emerxencias, parques comarcais de bombeiros etc.
- Transferencia á Xunta da rede viaria principal interurbana.
- Os orzamentos que aproben as deputacións provinciais uníranse aos Xerais da Xunta, ofrecendo a vontade de coordinación da súa actividade ao goberno galego en todo canto afectar ao interese xeral do pobo galego. Neste sentido, trátase de consensuar e coordinar plans e/ou programas de actuación en materias con competencias concorrentes coa Xunta, para deseñar liñas de actuación comúns que se recollan nas partidas orzamentarias tanto da Xunta como das deputacións.
- Avanzar na coordinación dos servizos de recadación tributaria con vistas á integración nunha Axencia Tributaria Galega.
- As deputacións deseñarán e impulsarán estruturas comarcais, e potenciarán as entidades asociativas dos concellos para a prestación cooperativa dos servizos sociais e outros servizos básicos.

2.2. Os concellos como centro decisorio das políticas

As deputacións mudarán o xeito de se relacionaren cos concellos. As deputacións deben ser, fundamentalmente, asistentes organizativas e transmisoras de recursos financeiros cara aos concellos. E débennos facer, conforme á legalidade vixente, con base en criterios obxectivos e que aseguren corrixir desequilibrios territoriais.

As liñas básicas de actuación neste sentido, serían as seguintes:

1. Elaborar un orzamento en que se distribúan os recursos, a través de subvencións aos concellos, con base en criterios previamente consultados cos concellos, entre as distintas áreas de actuación (investimentos, actuacións de promoción económica, políticas sociais, política cultural e deportiva).
2. Fixar as bases da distribución, entregar os fondos aos concellos e verificar que dedican eses fondos ás finalidades previstas. Mais a xestión e administración destes é de cada concello.
3. Suprimir axudas e investimentos directos das deputacións, agás de xeito transitorio en tanto non se acometeren as transferencias de servizos e infraestruturas propias.
4. Manter unha estrutura de cooperación e apoio técnico aos concellos, tamén especializada na captación de fondos e axudas non ordinarios (europeos, I+D...).
5. Transferencia aos concellos de vías urbanas urbanizadas e das que teñen carácter municipal.

2.3. Criterios de equidade e xustiza social

As deputacións corrixirán as desviacións prexudiciais para a equidade no acceso aos servizos básicos de competencia municipal. Por todo isto, adoptaranse as seguintes medidas:

- Garantirase a equidade absoluta coa desaparición de todo tipo de arbitrariedade, discriminación e favoritismo.

- Planificaranse medidas encamiñadas a garantir a igualdade de servizos básicos para toda a poboación na escala axeitada a cada situación.
- Prestarase atención prioritaria ás competencias propias: prestación de servizos de competencia municipal e á rede viaria provincial.
- Centraranse en actuacións de competencia municipal.
- Colaborarase cos sectores estratéxicos do territorio, mais sempre entendida como medidas complementares e sen interferir na prestación dos servizos básicos.
- Poranse en marcha medidas de mellora e posta en valor da nosa cultura e do patrimonio material e inmaterial.
- Medidas en defensa da recuperación da memoria democrática, e en concreto, a retirada de calquera imaxe, símbolo, honra, nome, etc, ás persoas que de calquera xeito colaboraron co golpe de estado ou posterior ditadura fascista.
- Comprometeranse coa normalización lingüística como criterio transversal e con planificación comarcal. Garantirase o uso do galego por parte dos membros da Corporación cando realizaren actividades en función do seu cargo.
- Apoiarán as políticas de igualdade e conciliación e esixirase o estudo do impacto de xénero en todas as accións que realizaren.
- Terán como obxectivo a defensa do territorio e o combate contra o despoboamento, na perspectiva de protexer o ambiente e garantir un futuro digno para as futuras xeracións.

3. Democracia e participación.

3.1. No relativo á Corporación é obrigado:

- Reforzar a Xunta de Portavoces.
- Modificar regulamentos orgánicos para acadar unha maior democratización, eficiencia, eficacia e transparencia na xestión administrativa. Buscaranse, dentro do marco legal, as fórmulas de simplificación administrativa que melloren procedementos e tempos de execución en materia de contratación pública, tramitación de convenios e concesión de subvencións.
- Garantir a maior participación dos grupos políticos nas decisións.
- Incrementar a capacidade de decisión do Pleno.

3.2. En relación co Goberno:

- Acordar a distribución efectiva das responsabilidades executivas baseada nunha distribución consensuada entre as forzas políticas que conformen o goberno. Esta distribución implicará a delegación plena das competencias que suporá a sinatura delegada de convenios e contratos en áreas concretas, con autorización de gasto até as contías fixadas na *Lei de Contratos do sector público para gastos menores*. A delegación non será obxecto de advocación de competencias agás en casos de urxencia debidamente motivados.
- Garantir un goberno non presidencialista, tamén eliminando as partidas de uso discrecional por parte de quen exercer a presidencia.
- Tomar decisións colexiadas por consenso sobre todos os eixos de traballo respectando a posterior autonomía de xestión.
- Realizar xuntanzas previas dos grupos políticos do goberno para estudar os proxectos e puntos que se desenvolverán nas xuntas de goberno pactando a conformación da Orde do día que será formulada pola Presidencia. Se existiren discrepancias nalgún asunto, este non se incluírá na Orde do día e ficará adiado até resolver negociadamente as controversias. Fóra deste procedemento só poderán incluírse na Orde do día asuntos que non fosen previamente analizados polos grupos políticos do goberno en casos de xustificada e extraordinaria urxencia e necesidade

acreditando que o atraso provocaría prexuízos para a deputación ou para as persoas interesadas.

- Fiscalizar o traballo realizado.

3.3. Respecto das actuacións directas das deputacións:

- Realizar unha profunda reorganización e simplificación, eliminando duplicidades cos concellos e coa Xunta.

- Enfocar estas cara a competencias propias das deputacións ou municipais, e coa máxima descentralización da xestión nos concellos. Só cando os concellos careceren de capacidade organizativa ou cando for realidade a maior eficacia de prestar o servizo a deputación, faraa a entidade provincial ou a mancomunidade respectiva.

- Garantir o funcionamento transparente das empresas públicas.

- Realizar plans xenéricos para os concellos de menos de 50.000 habitantes. As actuacións en cidades de máis de 50.000 habitantes dedicarase fundamentalmente a actuacións mediante convenios en instalacións deportivas, actuacións sobre patrimonio, estradas e urbanizacións, grandes dotacións e/ou actuacións ambientais ou aquelas outras onde estiver acreditado un interese supramunicipal.

- Suprimir todos os planos das deputacións que axuden ou subvencionen directamente a asociacións ou entidades para fins de competencia municipal.

- Limitar a un máximo dun 5% do orzamento o dedicado a subvencións nominativas ou excepcionais, xustificadas polo interese xeral.

- Ter criterios obxectivos de distribución de plans provinciais. Simplificación e redución dos planos provinciais.

3.4. Criterios que rexen a política de contratación e transparencia.

1. Desenvolver unha política de contratación e persoal con criterios de obxectividade, mérito e capacidade.
2. Elaborar listaxes para a provisión temporal de postos de traballo con criterios obxectivos consensuados coas organizacións sindicais con representación na corporación.
3. Garantir a presenza das organizacións sindicais nas mesas de contratación.
4. Modernizar as webs institucionais xa existentes así como o Portal de transparencia, onde figurarán a disposición da cidadanía todos os datos relativos á contratación, axudas, retribucións de altos cargos, ademais de información puntual (con periodicidade mensual) da situación económica das deputacións. Daranse de alta as web co dominio .gal


4 .Comisión de Seguimento.

Constitúese unha **Comisión paritaria entre o PSdeG-PSOE e o BNG** conformada por 6 persoas para avaliar o cumprimento do presente Acordo e establecer as medidas correctoras precisas para o seu desenvolvemento.

Esta Comisión reunirase, como mínimo, dúas veces ao ano e cando o solicitar unha das partes.


Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2023.

Asdo.



Bieito Lobeira Dominguez
Área de Organización
BNG

Asdo.



José Manuel Lage Tuñas
Secretario de Organización
PSdeG-PSOE